



ARQUITECTURA  
INDIANA  
TOMIÑO

## A pegada das Américas



# CASA DE DON VICENTE

### Localización

Coordenadas 41.946024, -8.777148

**Tipo de ben:** vivenda

**Concello:** Tomiño

**Parroquia:** Goián

**Lugar:** Avenida Brasil

**Cronoloxía:** 1906

**Construtor:** Serafín Carrera Fernández

**Promotor:** Vicente Pérez Rodríguez

**Propiedade:** privada

**Uso actual:** habitada

**Estado de conservación:** bo

### Comentario e descripción

Vivenda unifamiliar de planta rectangular e tellado a catro augas. Estrutúrase en dúas plantas diferenciadas ao exterior grazas á liña de imposta. A casa está recebada e pintada en vermello, destacándose as zonas nobres con pedra: zócalo, esquinas, liña de imposta e as molduras perimetrais. Na fachada principal dispõe na planta baixa dunha porta flanqueada por dúas ventás e na superior, no eixo da porta de entrada, un balcón con reixa de ferro forxado e dous vanos, un a cada lado, cubertos con balcón pechado, froito dunha intervención posterior. Remata cunha cornixa moldurada que dá paso a un friso con decoración en relevo e unha cartela coa data de construcción (1906) e as iniciais do promotor (VCR). O promotor estivo emigrado en Brasil e esta casa acusa a influencia americana sobre todo no uso da cor.

### Referencias bibliográficas

- Bores Garamundi, Fernando: Casas de indianos. Pontevedra, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2009.
- Martínez Pousa, Cristal: Arquitectura e os Indianos en A Guarda, O Rosal e Tomiño: Proposta de catalogación, 2009. (Non publicada).

FICHA DE CATALOGACIÓN  
Nº inventario: GOI-04

**Tomiño**  
CONCELLO

DEPUTACIÓN  
PONTEVEDRA